
A propósito do debuxo

Susana Bermejo · Marta Bran · Bosco Caride
Tamara Feijoo · Elena Fernández Prada · Héctor Francesch

O venres 23 de outubro, ás 20.00 horas, terá lugar a inauguración da exposición *A propósito do debuxo*, un proxecto expositivo que conta co traballo de Susana Bermejo, Marta Bran, Bosco Caride, Héctor Francesch, Tamara Feijoo e Elena Fernández Prada, baixo o comisariado de Mónica Maneiro.

A partir da obra dalgúns dos artistas galegos máis interesantes das últimas xeracións, *A propósito do debuxo* expón unha reflexión sobre o papel do debuxo na arte contemporánea e sobre a súa importancia coma un dos medios de expresión cultural máis directos do ser humano.

A través da exposición faise evidente como a capacidade innata que o ser humano ten para representar a realidade circundante mediante o debuxo converte este nunha das disciplinas máis desenvolvidas dentro do campo artístico, así como dentro dos de natureza científica e técnica. Ó mesmo tempo, subliñase como o debuxo contemporáneo atende a razóns complexas: expándese no espazo, combínase co medio audiovisual, sinala por medio das instalacións que lembran a súa metodoloxía ou se descobre na súa relación innegable coa pintura.

Na exposición preséntanse tres intervencións específicas. Marta Bran mostra *Escenas campestres*, a máis grande das súas intervencións ata o momento, na que integra debuxo, pintura, escultura e audiovisual, nunha instalación que toma as súas referencias en Manet, Muybridge ou a pintura de tapices de Goya. Tamara Feijoo -pola súa banda- preséntanos *Uranometría*, un mural *site specific* de grandes dimensións no que, por primeira vez no seu percorrido artístico, o papel non forma parte da intervención, só a pintura sobre a parede branca. Héctor Francesch culmina a serie de intervencións específicas para o espazo do Centro Torrente Ballester con *559*, unha colorida instalación de carácter escultórico na que 559 lapis dan vida a unha impresionante nube de cor.

A exposición recolle, ademais, traballos inéditos da artista leonesa -asentada en Galicia- Elena Fernández Prada, que, tras o seu éxito con *A Caza*, presenta agora *Terra*, unha serie de debuxo inspirada na obra de Umberto Eco *Historia das terras e os lugares lendarios*.

Entre as pezas inéditas desta exposición, hai que destacar tamén as presentadas por parte da ferrolá Susana Bermejo, quen con esta exposición reafirma a súa aparición na escena artística galega dos últimos anos. Como colofón desta mostra, a sala dedicada ós impresionantes cadros realizados en lapis de óleo e acuarelables de Bosco Caride.

INAUGURACIÓN: VENRES 23 DE OUTUBRO ÁS 20.00 HORAS.

MESA REDONDA: VENRES 23 DE OUTUBRO ÁS 19.00 HORAS.

LUGAR: CENTRO TORRENTE BALLESTER DE FERROL. Rúa Concepción Arenal, s/n, 15402, Ferrol. T. 981944187.

A propósito do debuxo

Susana Bermejo · Marta Bran · Bosco Caride
Tamara Feijoo · Elena Fernández Prada · Héctor Francesch

O venres 23 de outubro, ás 20.00 horas, terá lugar a inauguración da exposición *A propósito do debuxo* no CTB (Centro Torrente Ballester) de Ferrol.

. O Centro Torrente Ballester presenta *A propósito do debuxo*, unha exposición co debuxo contemporáneo como tema principal, que une traballos da ferrolá Susana Bermejo, Marta Bran, Bosco Caride, Héctor Francesch, Tamara Feijoo e Elena Fernández Prada, baixo o comisariado de Mónica Maneiro.

. *A propósito do debuxo* reúne pezas e intervencións específicas, dalgúns dos artistas galegos máis interesantes das últimas xeracións. A través das súas obras, a exposición expón unha reflexión sobre o papel do debuxo na arte contemporánea e sobre a súa dimensión complexa a través de instalacións, audiovisuais, a súa relación co deseño gráfico, a ilustración ou a pintura.

. *A propósito do debuxo* indaga no debuxo contemporáneo como un dos medios de expresión máis directos do ser humano. A súa facilidade expresiva e a súa forma de comunicar unha mensaxe rápida e directamente convérteno nunha das disciplinas máis desenvolvidas dentro do campo artístico, pero tamén dentro dos medios científicos e técnicos.

. A exposición acolle tres intervencións específicas de Marta Bran, Tamara Feijoo e Héctor Francesch, ademais de obra inédita de Susana Bermejo ou Elena Fernández Prada, xunto a pezas esenciais do traballo dos artistas en relación ó debuxo durante os últimos anos.

. Antes da inauguración, ás 19.00 horas, terá lugar unha mesa redonda na que os artistas que lle dan vida ó proxecto compartirán cos asistentes as súas inquedanzas ó redor da práctica do debuxo contemporáneo como parte fundamental dos seus traballos.